

Fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar para alumnado matriculado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Educación Especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/2025. ORDE do 7 de maio de 2024 (DOG do 20 de maio de 2024).

Obxecto da convocatoria:

- a) A participación no **fondo solidario de libros de texto** do alumnado matriculado en **3º, 4º, 5º e 6º de E.P.** e en **1º, 2º, 3º e 4º de ESO.**
- b) A convocatoria de **axudas para adquirir libros de texto** destinadas ao alumnado matriculado en **1º e 2º de E.P.** en 2º e 4º de ESO, e en Educación Especial.
 - Renda per cápita familiar **igual ou inferior a 6.000 euros: 240 euros**
 - Renda per cápita familiar **entre 6.000 e 10.000 euros: 160 euros**
- c) A convocatoria de **axudas para adquirir material escolar** destinadas ao **alumnado matriculado en EP, ESO e EE..**
 - Renda per cápita familiar **igual ou inferior a 6.000 euros: 75 euros.**
 - Renda per cápita familiar **entre 6.000 e 10.000 euros: 60 euros.**

Beneficios da nova convocatoria: Só será preciso presentar **unha única solicitude por centro**, incluíndo nela a todos/as fillos/as que estean escolarizados/as nel.

Obrigas das persoas beneficiarias: Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2023/2024. Está **excluído** desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %,

Devolución dos libros do curso 2023/2024: ata o venres, 21 de xuño de 2024.

Prazo de presentación das solicitudes: DESDE O MARTES, 21 DE MAIO ATA O VENRES, 21 DE XUÑO DE 2024 NA SECRETARÍA DO CENTRO DESDE AS 9:45 HORAS ATA AS 11:45 HORAS.

- Publicación da **listaxe provisional: luns, 8 de xullo de 2024;** prazo de **reclamación** de 2 días hábiles seguintes á publicación da listaxe provisional.
- Publicación da **listaxe definitiva: luns, 15 de xullo de 2024.**
- A **entrega dos libros** ao alumnado de **3º, 4º, 5º e 6º** terá lugar en setembro, ao comezo do novo curso.

As axudas para a adquisición de libros de texto en 1º e 2º de Educación Primaria e as axudas para a compra do material escolar para toda a Educación Primaria: entregaránse desde o luns, 8 de xullo de 2024 en horario de 10:00 horas a 13:00 horas.

***** Aviso:** Estas son as datas previstas, pero poden sufrir algunha variación .

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- **Fotocopia do libro de familia ou documento equivalente.**
- **Fotocopia da sentenza de divorcio/separación ou convenio regulador, se é o caso.**
- **Certificado de discapacidade de calquera membro da familia NON expedido pola Administración autonómica, se é o caso.**

AVISO:

1. **Será preciso cubrir o impreso de solicitude (Anexo I e anexo II) e achegar a documentación precisa.**
2. **NON SE ADMITIRÁN SOLICITUDES FÓRA DE PRAZO.**